O TREN

Olimpio Arca Caldas



EDICIÓNS
FERVENZA

narrativa

Olimpio Arca Caldas



Olimpio Arca Caldas. - (Cuntis, 1928) Polo seu labor como mestre e escritor obtivo, entre outros, os seguintes premios: *Cruz Alfonso X O Sabio*, *Mestre representativo provincia de Pontevedra*, 1º premio *Premi Bretema de Lembranza*, 1º premio xornalístico *Manuel Reimondez Portela*, nomeado *Estradense de Honra 2001* pola Asociación Cultural O Brado.

Como investigador ten publicado distintas obras de recuperación da nosa memoria.

Como dramaturgo é autor de obras premiadas en distintos certames de Teatro Escolar: *Os reis do Panchiño* (Ed. Fervenza), *Hoxe naceu un neno*, *Y el equilibrio se impuso* (mimo), *Pelexa no Souto* (Ed. Fervenza), *Soprar a tempo* (monicreques) e *Conversas coa nobre dama* (estreada por primeira vez na Universidade Autónoma de Madrid (1993).

O TREN

EDICIÓNS
FERVENZA

narrativa

Olimpio Arca Caldas

O TREN

EDICIÓNS FERVENZA

2003

EDICIÓNS FERVENZA

Director Editorial: XOSÉ LUNA SANMARTÍN
Xerente / Administrador: MANUEL NÚÑEZ ESPIÑO

1ª edición Xullo 2003
© do texto Olimpio Arca Caldas
© da edición: Edicións Fervenza - Técnicas & Gramaxe, S.L.
Depósito Legal: PO-323/03
ISBN: 84-933317-1-6
Apdo. Correos 146 - 36680 A Estrada
Telfs.: 986 58 13 04 / 616 20 18 62
e-mail: fervenzaedicion@tecgrama.com
GALICIA 2003

IOPA, REI

Ó meu curmán Ramón Arnoso Caldas,
na lembranza de Magos comúns

Tarde de xaneiro, fría e destemperada. Camiño do mar de Arousa, entre esfarelados cirrostratos, vaise indo paseniño un sol esvaecido, impotente para temperar aquel ambiente.

O artístico reloxo do concello, testemuño visible e sonoro do alcalde da vila na anterior corporación, espalla sobre do pobo cinco lentas badaladas. Na pequena praza do concello, baleira de transeúntes, conversan catro homes e unha muller ó abeiro da feble raxeira á espera dun compañeiro.

Non se prolongou a espera. Pola tranquila rúa do medio, nomeada con pomposidade histórica, rúa de Colón, apareceu o atrasado compañeiro.

-Tedes que me perdoar... Aínda non ben acabara de xantar cando viñeron buscarme os veciños de Vilarexo para que comprobase "in situ" os estragos que fixo a escavadora da Telefónica nas beirarrúas da aldea.

-Coa Telefónica haberá que tomar medidas serias. Está tomando ó concello por un fato de ignorantes... Fai o que lle peta.

As seis persoas diríxense á casa do concello onde os esperaba o conserxe. Os seis son dignos representantes dos catro partidos políticos que conforman a nova corporación municipal do concello de Terradás. Eles son os compoñentes da comisión de CULTURA. Malia a súa diverxencia ideolóxica, nesta xuntanza tiñan un devezo común: prepara-la cabalgata de Reis coa meirande solemnidade.

Neste primeiro ano da súa actuación como concelleiros todos eles matinan cumprir dous obxectivos: primeiro, demostrarlle ós seus electores que souberan elixir; segundo, deixar ananos ós anteriores organizadores. O deste ano tiña que se-lo máis belido e orixinal desfile de tódolos tempos.

Froito doutras anteriores xuntanzas xa se arranxara case toda a montaxe. As carrozas xa rematadas, cabalos e xinetes, apalabrados; a lista dos nenos da comparsa, completa; caramelos e lambetadas, mercadas; o fogueteiro comprometido baixo contrato o mesmo que os gaiteiros de Barusela.

O cometido desta xuntanza era, pois, perfila-los derradeiros detalles, pequenos flocos que foran quedando. Había que acorda-lo

percorrido da cabalgata polas rúas e coñece-las últimas xestións encol da designación das persoas representantes dos tres Reis.

Na procura destas personaxes acordárase darlle carta branca ó concelleiro Felipe coa condición de que foran mozos axeitados ó papel e que estivesen na lista do paro. Non querían caer no noxento enchufismo dos últimos anos.

-Falei con todos eles, uns dez en total -explicou Felipe. Só me aceptaron dous: Rodrigo de Beiramonte e Bieito das Curtiñas.

-Bieito... ¿o mozo da Raquel da rúa Nova? –preguntou Manuela, a concelleira.

-Ese mesmo –asentiu Felipe.

-Si que tiveches un bo acerto –confirmou a moza. Son dous reais mozos, guapos e de boa planta.

Ricardo, concelleiro urbano, descoñecía a identidade do Rodrigo e non podía opinar.

-Si home, si –concretou Manuela- ¡Tes que coñecelo! Ven sendo sobriño do carniceiro da Ponte... un rapaz ebanista que estivo en Suíza.

Ricardo, diante das detalladas explicacións, deu o seu beneplácito.

-Pois, aínda falta un rei –engadiu Afonso.

-É cousa de propoñelo entre todos... Pensade en algún coñecido –pediu Felipe.

Houbo un impase na conversa. Forzaron o maxín, pero nos nomes propostos non houbo unanimidade. De súpeto, unha chispiña neurocerebral alumeou o caletre do Ramón, xefe "in pectore" daquela comisión.

-¡Xa o teño! –dixo, mentres acendía un pito. Todos queremos unha cabalgata orixinal ¿non si?... ¿Quen mellor para representa-lo rei Baltasar que un negro lexítimo?

Nos beizos dos cinco oíntes amosaron unhas risoñas incrédulas, de chacota.

-Non vos riades... O asunto é moi doado... Veredes... Mañá temos un bo mercado na vila; virán polo menos unha ducia deses vendedores ambulantes, ben feitos e negriños... Temos dabondo onde escoller... E tamén están no paro... Se lles ofertamos un bo aguinaldo, abofé que dispoñemos dun verdadeiro negro e, como rei coroámolo nós.

A razón do Ramón e a súa disposición para as relacións públicas convenceron á comitiva.

-E, ¿si se marea no curuto da carroza? –preguntou de chanza o Felipe.

-¿Quen?... Eses mozos galopan ata no lombo dos camelos e dos elefantes -concretou Ramón.

Aceptou este último a responsabilidade de contratar un daqueles mozolos de venta ambulante. Sería un éxito a súa inclusión no desfile.

Aquel primeiro xoves do ano, na vila de Terradás celebrábase un dos máis concorridos mercados semanais. Por unha banda, as pasadas festas do Nadal deixaran esgotadas as despensas dos vilegos e os labregos acudían cos seus productos sabedores dunha venda vantaxosa. Pola outra, aquela data era a derradeira oportunidade da xente do rural para merca-los agasallos e os brinquedos que os Reis deixarían nos zapatos dos seus picariños na noite seguinte.

No ceo, o sol non tiña azos abondo para afasta-los fríos bafos da xeada da noite. Malia unha mañá desapracible o tradicional mercado estaba moi concorrido de productos e de xente.

Coches con fachendosas matrículas estranxeiras e estridentes bucinas percorrían as rúas. Ían a ningures; seus donos tentaban amosa-la súa potencia económica con este sonoro desfile. Os gardas municipais non daban abasto para ordena-la circulación. No seu cometido parecían muíños de vento con pito.

Arredor do mercado de abastos, mulleres campesiñas cos seus cestos ateigados de repolo, coliflor, leituga de invernadoiro, castañas, noces, etc. Noutra banda as vendedoras do galiñeiro supervivente do coitelo da Noiteboa e Aninovo: pavos, capóns, coellos, etc.

As beirarrúas semellaban unha "marabunta". Naquela marea humana de urbanícolas cos cestos da compra, de vellos labregos co seu caxato, de repoludas campesiñas, movíanse contracorrente os morenos marroquís, escaparates de bambán, ofrecendo teimosos a súa mercancía: alfombras, cazadoras de plástico, reloxos.

¡Barato... bonito... barato!

Na antiga feira do gando, un amplo mercadiño de sinxelas tendiñas

ofertaba unha variada gama de productos: zapatos, roupa de traballo, plantas, cacharros de barro, pan, churros, porcelanas, etc.

Naquel fluctuante balbordo de reclamos, a nutrida concorrencia dos comerciantes de color, chegados das terras de África como andoriñas afastadas pola fame, dáballe un certo aquel de cosmopolitismo cativo.

Nunha tenda transportable, catro ferros mal encaixados, Seka, corpulento gambiano de ensarillados cabelos pregoa, nun macarrónico español, as excelencias da súa mercancía a prezo de saldo:

-¡Compe-jen; non aduenas; libe-je!

Noutra tendiña, estremeira coa de Seka, un mozo, primorosa escultura humana en acibeche, ofrecía a súa variada mercancía de radiocasetes, reloxos, pulseiras. Había neste espigado mozo, brillo de inmaculado marfil en dentadura perfecta, unha distinción innata, unha acusada personalidade que transcendía dos seus acenos espontáneos.

Tiña unha numerosa clientela de mociñas novas que admiraban máis a beleza daquel moreno que a mercancía que ofrecía. Iopa, tal era o nome do mozo, dábase conta da admiración que causaba e sabía aproveitala para non deixalas marchar de baleiro.

Un pouco máis adiante, noutra beira do corredor das tendiñas, Serín e Tuán, viventes imaxes dun anuncio de pasta dentrífica, en versión guineana, manteñan unha orixinal conversa cuns rapazolos.

Os nenos da aldea, collidos da man de súas nais, abraiaban diante daqueles tendeiros, tan ricos, amos de tantos e tantos aparellos, pero en troques, máis untados de betume que os zapatos de festa do seu avó.

-Mamaíña, ¿por que son tan negriños?

-Anda para adiante rapaz... ¿non os tes visto xa na televisión? – reprochoulle a nai, avergonzada do paspán do fillo.

-Pero se a nosa televisión non é de cores – protesta o neno cun tirón do brazo da súa nai.

Ramón, o concelleiro presidente da comisión de cultura do concello de Terradás, erguérase cedo. Quería acadar canto antes e sen falta os seus devezos e facer realidade os proxectos da súa fantasía.

Cando aínda non se montaran nin a metade dos postos de venda achegouse ó mercadiño. Entrou no café-bar "Bonafé", local desde onde se dominaba unha boa parte do recinto feiral.

Pediu un café con leite e entre sorbo e sorbo ía lendo as letras grandes do xornal do día. Alí viñan anunciadas, polo miúdo, as cabalgatas doutras vilas; nunhas, os Magos chegarían en tren; noutras, máis avanzadas nas comunicacións, esperábanos en helicóptero. Unha íntima satisfacción persoal encheuno ó Ramón de ledicia. A eles ninguén os amolaría en orixinalidade. Estaba seguro que darían o golpe.

-Cousa rara, Ramón; ti tan cedo por aquí... ¿seica non hai choio hoxe? –preguntoulle o dono do bar.

-Hai, home, hai... pero –mentiu Ramón- quería comprar unha segadora, e polo que vexo aínda non chegou o vendedor.

-Ti, ¿unha segadora?... Non será para arranxa-las catro herbas que tendes no xardín municipal –chanceou o patrón. Para segar aquilo abonda cun mal fouciño.

-E se cadra acertas –contestou Ramón no mesmo ton.

-E ¿qué?... ¿xa tedes preparada a cabalgata?... Anda por aí un ruxe ruxe de que este ano vai mandar truco... Seica ides bota-la casa pola ventá.

-Pois se fai falta tamén se bota, que o concello ten fiestras abondo.

Mentres durou a conversa o mercadiño abarrotouse de tendiñas. Xa debían estar case todos. Ramón ollou pola cristaleira do bar e axiña localizou o grupo de vendedores estranxeiros.

Alí estaba o seu obxectivo inmediato. Fixouse un anaco de tempo nun deles o máis alto do grupo. ¡Que ben feito o condenado!

Pagou a consumición e despediuse do comerciante. De vagar, encamiñouse cara a tenda daquel mozolo.

A conversa foi longa. O reducido español de Iopa fixo precisa a presencia de Serín máis coñecedor da lingua de Cervantes. Por mor da asistencia dos vendedores a outros mercados houbo un principio de negativa. Por outra banda Iopa tiña medo de que a súa actuación tivese un certo aire de pallasada.

Ramón estaba disposto a todo para que o trato tivese garantías. Ofertou a rabiar. Amais do aguinaldo xeneroso en metálico comprometeuse a paga-los gastos de hospedaxe dos tres, pois na súa teima realista tamén aceptou a contrata de Serín e Tuán. Iopa sería o rei Baltasar e os outros irían na mesma carroza como paxes.

O contrato había ser secreto. Faríalles un papel de compromiso

e, unha vez asinado, daríalles o enderezo da fonda, a mellor da vila.

Ramón, máis ledo que un meniño con zapatos novos dirixiuse á casa do concello. En impreso oficial da alcaldía compuxo un papel de compromiso e volveu ó mercadiño. Feitas, de novo, as correspondentes precisións, asinaron o documento que gardaron cada unha das partes. Deulle o enderezo da pensión e recordoulle que o seu compromiso remataba na mañá do día 6 de xaneiro.

-¡Oh, oh! –reclamou Serín. ¿coche mío, donde guardar?... Noche, robar...

-Vendré yo a buscar –contestou Ramón.

Rematado o diálogo e a operación mercantil, Ramón achegouse á fonda "O Fogar". Chamou ó reservado á patroa:

-Señora Filomena, agora, sobre das dúas, veñen xantar tres mociños negros, deses que venden na feira. Van estar hoxe e mañá todo o día. Quero que mos trate como é norma da casa, do mellor... Tódolos gastos corren da miña conta... ¡Ah!, outra cousa, se alguén se interesara por coñecer este asunto, vostede non sabe nada.

-Ai Ramón,... hai tanto misterio nas túas palabras que quedo cun pouco de medo.

-Non teña medo ningún... a vostede voullo contar, pero non se me vaia da lingua... Contratei ós tres para que mañá vaian na carroza do rei Baltasar que seica era negro.

A señora Filomena non puido conte-la risa.

-Sódelo diaño... vaite tranquilo que por min nada se vai saber.

Cando remataban o xantar, Ramón veu a buscalos para garda-lo coche no seu alpendre e a saber que tal os atenderan.

-Bien, bonito –contestou Serín.

Pola tarde, os mozos deron unha volta ás rúas da vila. Mataron o tempo nos escaparates dos electrodomésticos comparando prezos das mercadorías que eles vendían.

Arredor das oito chegaron a "O Fogar". Mentres lle prepararon a cea estiveron vendo imaxes da televisión. As facianas de Serín e Tuán irradiaban un estado de ánimo ledo e feliz. En troques, a cara de Iopa deixaba entrever un indefinido aquel de mestura de preocupación e ledicia. A súa mirada estaba como ausente naqueles, decote, expresivos ollos mouros.

Malia o ofrecemento da señora Filomena para elixi-las variedades do menú, a cea foi frugal. As crenzas relixiosas de Serín e Tuán só lle permitiron beber auga. Os tres cearon unha tortilla española e froita de sobremesa. Iopa, educado na relixión cristiá anglicana, bebeu dous vasiños de viño que lle ergueron un pouco o espírito.

A conversa despois da cea, xirou encol do protagonismo que os esperaba. Fixeron números sobre do importe do documento aceptado con dous días de hospedaxe e quedaron convencidos de mellora-las ganancias que obterían no mercadiño de Rouchín ó día seguinte. Foi unha leria de chanzas e adiantadas pantomimas do seu futuro papel:

-We'll go very serious –recomendou Iopa.

-Oui, très serieux –afirmou Serín con cara de circunstancias.

No intre de subir a durmir, a parella Serín e Tuán, compañeiros de antigo, preferiron unha habitación dobre, decisión que agradeceu Iopa porque desexaba e necesitaba estar só.

Despois dunha ducha morna e reparadora, Iopa meteuse na cama e apagou a luz. Desexaba durmir, aproveitar aquel brando e mol colchón para esquecerse de toda a escena teatral que ía representar antes de vintecatro horas.

Pero na mente de Iopa non estaban de acordo os seus desexos co seu inconsciente. Este comezou a debullar unha fervenza de lembranzas da súa infancia. Unha lixeira moviola das neuronas tróuxolle imaxes superpostas e nidias:

¿Por que -preguntábase Iopa- desde o berce a súa vida estaba envolta nunha atmosfera de realeza? Seu avó, naquelas cálidas noites do trópico, acostumaba contarlle as belidas lendas dos Reis. Osai Tutú, ricachón e poderoso rei do seu pobo, aquel sufrido pobo ashanti no que gobernaban lendarios e fortes reis denantes que a súa patria, Ghana, se chamase Costa de Ouro. O rei Rempet do que aínda se lembraban de cando volvera da súa catividade.

Despois, na escola do reverendo míster Willian, tamén lle tocara a el encarna-lo personaxe do rei de Britania, nunha adaptación para os escolantes da traxedia de Cimbelino. E agora, cando xa case que tiña esquecidas aquelas parodias infantís, nunha poboación estraña, a milleiros de quilómetros da súa terra, escollérano para representa-lo papel daquel lendario mago chamado Baltasar.

Lembra as pesadas tarefas da recollida das mazarocas da árbore do cacao, a súa fermentación e os lavados das sementes antes de poñelas a secar. E segue a pensar no mediño que papou cando, sendo alumno da school primaria o militar Jerry Raulín dou un golpe de estado. Na súa pequena cidade de Mampong, preto do gran lago Volta, case non se deixaron senti-los efectos. Fora o maldito furacán o que esnaquizou as plantacións de cacao e o que motivou o traslado da familia á cidade de Kumasi.

Empregado nunha envasadora de cacahuetes camiño de Europa foi onde sentiu arelas de saír cara o setentrión nunha viaxe semellante ás andoriñas.

A banda sonora de todas estas imaxes era unha mesturanza de expresións en inglés da escola co seu dialecto gur que aprendera da súa agarimosa nai Sneka, morta ía xa para tres anos e causa principal da súa saída a recorre-lo mundo.

As bolboretas do sono bateron unha e outra vez nas pesadas pálpebras e Iopa deixou de matinar. Axiña comezou un entresoño magoante: atopábase no curuto da carroza, sentado nun belido trono vermello; os homes e mulleres brancos aplaudíanlle. De súpeto, un fato de picariños negros encheron a rúa chiándolle e tirándolle mandiocas podres mentres berraban: "Go down, you are not a king!" (¡Baixa, ti non es rei!). Apareceu correndo Ramón que botou de alí ós barulleiros...

O pesadelo seguiu... Agora, os xinetes a cabalo chegaban á súa casa de Mampong. Querían roubarlle o saquiño de pano marrón onde seu avó gardaba o tesouro máis querido: po de ouro, herdanza dos seus antepasados... Correndo tras dos ladróns, Iopa espertou.

Doce badaladas do reloxo parroquial esgazaron o silencio daquela interminable noite. ¡As doce! Ben podía ser xa día, pensou Iopa. Deu unha volta e sobre do costado dereito durmiu sosegado.

De acordo coas ordes do Ramón un coche equipado con altofalante percorreu tódalas bisbarras do concello. Os diñeiros empregados non foran en van. As rúas de Terradás naquel luscofusco inzado de ilusións infantís semellaban un inquedo formigueiro. Baleiras de coches aparecían máis amplas; a mesma vila semellaba máis acolledora, máis grande.

Matrimonios novos cos seus fillos; no colo, uns; outros pola man, ben abrigados todos, ían e viñan na procura dun bo sitio para ollar ben a cabalgata. Nas fiestras e balcóns rapaces e avós con luvas e bufandas na espera do desfile real.

Con máis de media hora de atraso sobre da hora anunciada, o estoupido de tres bombas sinalou o comezo do desfile. No aire voaron asustadas as pombas dos casais próximos e na rúa púxose en marcha a esperada cabalgata.

Abría o desfile o coche da policía municipal chiscando os ollos luminosos ó mesmo tempo que a serea arrincaba laios metálicos. Detrás, dúas filas de tres cabalos ben aparellados e montados por xinetes con belida indumentaria. Seguía unha caterva de rapaces con fachucos acendidos. Máis atrás as tres carrozas, coroadas no seu cumio polos tronos dos Reis, e de seguido, nunha plataforma dun coche, os paxes e algúns picariños.

Os gaiteiros de Vinseiro, interpretando as mellores pezas do seu repertorio ían detrás dos Magos. Viña, logo, o coche correo ben cargadiño de paquetes e pechaba o desfile o coche dos bombeiros con elegantes uniformes.

O paso das carrozas foi premiado con fortes aplausos do público. No intre de pasa-la correspondente ó rei Baltasar houbo un balbordo de admiración e sorpresa.

-Avó, ¡mira, mira! O rei Baltasar éche negriño de verdade.

Iopa, sentado no seu trono vermello botaba caramelos con tal dignidade que mesmo semellaba un deus impartindo os seus dons a toda aquela xentiña que non se preocupaba de colle-las lambetadas, pampos da beleza do rei.

Pola súa parte Iopa sentía que o seu corazón reloucaba de gozo. Un pracer, endexamais sentido, abranguíalle o espírito.

Na praza do concello colocaran o portal. O xentío que xa vira nas rúas o desfile, concentrábase na praza para ve-las ofrendas ó Neno. Cando os tres Magos lle ofreceron o seu agasallo un estrondo enxordecedor resoou entre a multitude.

As xentes volveron satisfeitas ás súas casas loando o mellor desfile dunha cabalgata de Reis que tiveran ollado.

A eterna loita sideral do día coa noite atopa un remanso de paz

neste solpor húmido e frío do mes de xaneiro. O sol, pintor de etérea paleta, camiño do mar salgado, pon, nos distantes estratos, unha lene pincelada azul-marela, colgada no horizonte.

As pombas voan ledas cara o branco pombal onde os febles pombiños, decorados de tiña, agardan a maternal enerxía vital.

Por estreito e torto vieiro baixa calada unha mesta ringleira de xente de faciana triste e sería. Na dianteira da comitiva vai, paseniño, un coche fúnebre baleiro. Só unhas belidas coroas de flores. Detrás, un sinxelo cadaleito marrón carga ós ombros de catro mozos: Ramón, Felipe, Afonso e Ricardo, catro concelleiros da vila de Terradás.

No dó, unha nutrida representación das forzas vivas da localidade mesturada con rexos mozos de moura faciana e cabelo crecho segue preto do cadaleito. Logo homes, moitos homes e mulleres da vila con meniños pola man. Cada raparigo leva un caravel ou unha rosa, primeira e derradeira homenaxe póstuma a un creador de fantasías infantís.

Chega o enterro ó cemiterio e remúdanse os mozos. Fende o mesto silencio os saloucos entrecortados das mulleres. Ramón e Manuela, concelleiros eles, non entran no camposanto. Tanto lle pican os ollos que precisan humedecelos de contado. Os nenos, abraiadiños, non perden detalle. As súas olladas van, da cara de súas nais ás dos negros portadores do cadaleito.

A calor humana do xentío sobreponse ó frío climatolóxico. Todos seguen alí mudos, petrificados. Mentres o crego debulla as derradeiras oracións. O voo tardío dunha parella de corvos debuxa no ceo cincento, dúas liñas de loito.

As mans do albanel pechan coa terra galega, feita ladrillos, o berce pétreo para un sono eterno.

O crego, con voz entrecortada, resume o panexírico pronunciado na igrexa: *"Abofé que a paisaxe onde se criou este mozo ten moita semellanza coa nosa terra e ata o seu pasamento tería unhas connotacións semellantes... Iopa, cristián, chega ata nós desprazado por carencias e adversidades. Aquí sublimáronselle os soños quizais imaxinables na súa nenez.*

O testemuño do médico asegura que morreu de felicidade. O seu corazón non foi quen de resisti-la acugulada ledicia destes dous días. Sentíase contento cando aceptou encarna-la personaxe; sentía unha

alegría exultante repartindo agasallos ós nosos nenos. Atopábase profundamente agradecido a estes homes que o contrataron polo profundo respecto que lle demostrara. No máis fondo, no máis íntimo do seu ser sentiuse Rei... e morreu feliz.

Permitídeme, pois, dicir na súa honra o mesmo que nas antigas monarquías: ¡Morreu o Rei!... ¡Viva o Rei!"

De vagariño o xentío volveu á vila. No cemiterio ficaron Tuán, Serín, Igor, Seka e outros compañeiros de feiras e mercados. Libres de olladas indiscretas, xunguidos dos brazos, comezaron un estraño ritual, mentres unhas cristalinas bágoas esvaraban polas mouras meixelas.

Era a súa derradeira homenaxe ó seu grande compañeiro Iopa, rei Baltasar nun serán galego.

ANDURIÑA DE OUTONO

Na lembranza de meu mestre
Don Aurelio Rey García

Aquela diáfana mañá de setembro por detrás do Penedo de Pexade, rochoso e altivo berce de miñotos e lagarteiros, atalaia silandeira do val, o sol erguérase cediño. Axiña espreguizado, comezaba a súa simulada andaina milenaria polos infindos carreiros dun ceo azul inmaculado, sen atrancos de nuboeiros.

O val, ateigado de luz, amosaba os máis variados matices de verde: verde claro, fresco, nas herbeiras e camposas; verde botella nos ameneiros, perennes gardas do cantareiro regato; e máis aló, na faldra agarimosa do monte, o verde escuro dos piñeirais.

Aquí e alá, petadas marelas das leiras de millo en sazón, e entre viñas e maceiras, polas bancadas naturais do terreo, os casais da parroquia xogando ás agachadiñas.

As follas do almanaque, murchas na fraga do tempo, pregoaban datas do mes de setembro, mes de comezo dun novo, desexado e sempre enigmático curso escolar.

A xa veciña da freguesía dona Mercedes, quince anos de servicios como mestra de nenas da parroquia, xa lle comentara ós pais que nomearan mestre propietario para a escola de nenos. Non obstante, a noticia non estaba confirmada xa que ningún veciño albiscara personaxe novo, nin na taberna do señor Bieito, habitual hospedaxe dos mestres houbera petición algunha de aluguer.

Polo si, ou polo non, un fato de rapaces da aldea de Vilar , carteira o lombo, caletre disposto, íamos camiño do local escola ergueito na aldea de Fontiñas. Nosos pais cumprían así coa obriga de proporcionarnos unha educación.

Segundo nos achegábamos ó edificio aumentaban as nosas inquedanzas... ¿Estaría xa alí o mestre?... ¿Sería tan novo coma don Daniel, o mestre do curso pasado? Cadaquén faciámono-las persoais preguntas, sen coñece-la correspondente resposta.

Cando chegamos ó rueiro, patio de recreo, improvisado e minguado

campo de fútbol para os escolantes, ollamos portas e fiestras abertas.

Un latexo interno, seguido de lene desacougo percorreu o noso pensamento. Sí, tiñamos un novo mestre.

Alto, ollos verdes dun mirar profundo, pelo acastañado e crecho, ben parecido e ben vestido, semellaba unha persoa distinguida. En canto nos ollou polo carreiro do millo, veu ó noso encontro co sorriso nos beizos. Mentres se achegaba calculei, en comparanza coa idade de meu pai, que debía ter ó pé dos corenta anos.

-Bos días, raparigos.

A súa voz, harmoniosa e doce, suave, semellaba voz de amigo de sempre. Nun aloumiño xeral, botounos a man pola cabeza ós primeiros na chegada. Rafa, o máis coitado e máis pequeno do conxunto, foi erguido no aire.

-E ti, ¿come te chamas? meu neno.

No medio do patio, á espera dos nenos das outras aldeas, comezou a pregunta-los nosos nomes.

Así que ti es Manolo, fillo do señor Henrique o carpinteiro e da señora Dolores. Este ano levas sexto, ¿non si? Este curso hai que espertar pois comezas a segunda etapa... ¿Como están eses ánimos?...

Abraiei... Non entendía como aquel mestre, descoñecido ata aquel intre, sabía dos nosos estudios tan pronto como lle diciamos os nosos nomes.

Foron chegando os outros compañeiros e de novo soubo dos seus estudios do curso anterior. Pasounos para a aula... Non parecía a mesma que deixaramos en xuño. Limpa, ordenada, máis alegre. Mesmo semellaba que había máis espacio.

Dous grandes mapas, noviños do trinque , colgaban das paredes. Detrás da mesa do mestre unha belida bandeira galega, tamén noviña. Nos andeis máis libros novos.

A sesión da mañá semellou ser máis curta. Sentados nós nas cadeiras; de pé, por entre as filas, o mestre, comezou un interrogatorio directo. Foi entón cando me decatei de que as preguntas que nos facía non estaban reflectidas no arquivo escolar. A súa teima primeira era coñece-lo noso entorno familiar. O mesmo tempo que contestabamos tiña unha caricia xunguida a unhas palabras de alento.

Cando Ricardiño, faciana triste, roupa moura, contou a súa recente

orfandade crebouse a voz do mestre e tivo para el un aloumiño tan especial que ós rapaces grandes púxosenos un nó na gorxa.

-E agora que xa sei moitas cousas de vostedes, quero que saibades que serei un compañeiro e amigo e que teño a obriga de presentarme.

Dirixiuse a un daqueles mapas e dixo:

-Son desta fermosa terra; son pois un galego máis que ten o orgullo de ser nado nesta terra feiticeira...

Lourenzo, compañeiro de sexto curso, preguntou:

-¿De que provincia?

-Iso verémolo máis adiante. As provincias son un invento inútil dos políticos. Galicia é unha toda ela.

Mesmo desexaba eu coñece-lo nome daquel home de teorías tan belidas, daquel mestre que nos embobou dende o primeiro momento da súa conversa

-Chámome Breogán Canteiro Ferro, teño corenta anos, solteiro e nomeado, de por vida, mestre propietario da escola de san Xiao de Montiñas. Isto quer dicir que, se Deus me axuda, vereivos medrar en estatura, cultura e dignidade. Vós, en troques, ollaredes como me vou facendo vello.

Falaba un galego feiticeiro, cunha musicalidade descoñecida para min ata aquel momento. Nos seus beizos amosaba un sorriso de apracible sosego. Engaiolounos. Ledos e tranquilos marchamos as nosas casas. Contabamos e non parabamos.

Na sesión da tarde fíxonos unhas probas. Tests de coñecementos, de reflexión, de habilidade, contando sempre coa axuda e orientacións nas dúbidas. O remate pregounos que dixeramos na casa a vontade do mestre de coñecelos a todos:

- A escola somos todos: nenos, pais e mestres.

Saímos dispostos a non defrauda-los desexos dun mestre ilusionado co seu difícil oficio.

O primeiro sábado do curso, houbo unha reunión dos mestres, dos pais e do crego. Daquela xuntanza saíu unha importante innovación a prol dun mellor aproveitamento escolar. Por unanimidade acordouse que nenos e nenas compartisen as mesmas aulas. A mestra pasou a preparar nenos e nenas ata o terceiro nivel, e o mestre dedicouse de carto nivel

en diante. Para nós estar coas nenas da parroquia e da mesma idade foi unha das máis fermosas experiencias escolares.

Con este ordenamento o curso pasou de présa. O través dos días soubemos que no amplo vocabulario de don Breogán non existía, non tiñan sitio as palabras "exames", "castigos", "burlas", "notas", agás as musicais.

Comprobamos axiña que don Breogán non precisaba aquela vella butaca... A súa presencia na clase era un decote ir e vir entre as mesas, atendendo ás preguntas e orientando sempre.

Co mestre puidemos satisfacer un degoiro acochado durante moito tempo... Tódolos nenos e nenas, por rigoroso orde de lista, pasamos, un a un, por aquel asento, símbolo, ata aquel entón, de autoridade, sapiencia e privilexio.

Nós, cativos meniños, sermos, por un día, mestres na nosa propia escola constituía o meirande galardón. Naquela data feliz sentiámonos responsables e importantes. Tan esperada era esa data que o compañeiro Andresiño, con trinta e nove de febre, non faltou a escola para non perder o evento. Don Breogán pasoulle a man pola fronte:

-Andrés, voute levar a casa... o primeiro día que volvas correspóndeche sentarte na cadeira de brazos.

Aqueles seráns dos xoves non me esquecerán endexamais. Estaban dedicadas á narrativa, ós contos e a poesía. Todos eles relataban, na nosa lingua, feitos, costumes e fazañas das xentes de Fisterra. Logo, poñía a proba a nosa inventiva, o noso discorrer. As lecturas previas do mestre afervoaban o noso espírito e enchían de fantasía as nosas mentes infantís.

Moitos días, despois das cinco, nun serán voluntario pero aceptado por tódolos alumnos, comezaba unha clase informal: unhas veces, a carón do río estudiabamos pelouros, areas, pitas cegas, cabaliños do demo. Outras veces, na carballeira, preto da escola, faciamos un reconto e estudio das herbas miúdas, arbustos e bichiños que compoñían o nicho ecolóxico. Había que deixar constancia de todo elo nun caderno persoal.

Cando o tempo, choiva e frío, non permitía as saídas, preparábase unha obriña de teatro escollida dalgún libro ou preparada por todos nós. No intre de poñela en escena os pais non daban creto de que aqueles artistas foran os seus fillos.

Na primavera, coa chegadas das andoriñas, contounos, polo miúdo,

a vida delas.

"Ai están de novo as andoriñas. Son elas as leais mensaxeiras do agromar da Natureza, dun novo acontecer no itinerario galáctico. Volven sempre a terra onde ollaron a primeira luz, onde comezaron os primeiros voos. Di o poeta que foron elas as que bicaron a Cristo na Cruz.

As andoriñas que aniñan debaixo deste balcón percorreron un longo periplo, cheo de infortunios, matinando sempre na ledicia do reencontro co seu fogar. Algunhas, menos afortunadas, finaron na viaxe antes de acadar os seus degoiros. Cegadas por fachos, enganos que tamén hai na nosas vidas, trabucaron o seu voo e pagaron coa vida o seu erro.

Son, sen dúbida, as andoriñas, o mellor exemplo do seu amor ás esencias primarias, as raíces biolóxicas. Todos nós debemos aprender delas".

¡Que fermosa lección aquela!

Cando, por imperativo da lei, o remate da segunda etapa, tivemos que deixa-la escola de Don Breogán tódolos rapaces e rapazas, sentiamos unha mágoa interior. Sabiamos que naquel entorno quedaba algo íntimo dunha leda vivencia, anaquiños dunha personalidade aínda non ben definida. Sentiamos envexa dos rapaces máis pequenos...

Aquel mapa no xardín, aquelas pinturas de Disney nas paredes do patio; aquel meu sinxelo conto encol das bolboretas agochaban farrapiños dos nosos devezos infantís. Todas elas eran o testemuño das ensinanzas daquel mestre, que ano tras ano, con renovadas enerxías atendía os picariños.

O seu labor ía moito máis alá do ensino oficial. Era unha institución na parroquia, o antigo "totem" protector. Chegaba ó pe da cama do neno doente cun sinxelo agasallo; prestaba os seus servicios de practicante, desfacía xenreiras veciñais; redactaba, con maxistral caligrafía, documentos de compra venda ou troco entre veciños; arranxaba os papeis para que os seus alumnos conseguisen unha beca ou un posto de traballo. Todo isto realizado por iniciativa súa, cunha sinxeleza franciscana.

Ás dúas escolas foron chegando, por instancias do mestre, moitos novos trebellos didácticos: magnetófono, proxectores de diapositivas, fermosas láminas de ciencias, caixas de física e química, etc.

Varios dos seus alumnos acadaramos estudios universitarios e algúns remataran carreiras de maxisterio, A. T. S., sempre coa axuda

burocrática e consello de mestre. O nivel socio-económico da parroquia, co bo facer dos mestres, dona Mercedes e don Breogán foi significativo.

Anos despois, unha mañá morna de outono o sol debuxaba fantasías e siluetas sobre das rúas da cidade universitaria. Mesturados coas lixeiras amas de casa, entre despistados turistas, os estudiantes camiñaban de vagar.

Precisaba eu mercar un libro sobre Justiniano e encamiñeime á libraría de sempre. Mentres o dependente buscaba o meu encargo, ollei o andel das últimas novidades das editoriais.

Alá, no fondo, a carón dunha fiestra, había un lector ensumido na lectura. De súpeto, sentín un ledo latexo; non había dúbida, era don Breogán, o meu benquerido e recordado mestre.

Achegueime. Non se decatou da miña presencia ata que lle palmeei no ombreiro.

-Don Breogán, ¡que leda sorpresa!

-Manolo... ¡canto me alegro de verte! Aproveitei a festa do noso patrón e aquí me tes buscando uns libriños para pór ó día a biblioteca... Pero, rapaz, cada día estás máis home, ¿Como vai esa xudicatura?

Seguiu unha conversa afable. Interesouse polos meus futuros proxectos, polos problemas da vida estudiantil. Pola miña parte quixen saber como quedara a liorta do peche das escolas da parroquia. Os dous desexabamos máis tempo para segui-lo diálogo.

-De boa gana comiamos xuntos –dixo antes de despedirnos– pero non lle podo faltar ó sobriño, o meu anfitrión nesta cidade. Agora ben, ¿poderiamos tomar xuntos un café?

-Don Breogán, mesmo llo agradezo.

Doume o nome e enderezo do establecemento, descoñecido para mín. Café bar "A Ola", situado na rúa dos Coengos.

Estrañoume que don Breogán fora seareiro dun local tan afastado das rúas céntricas. Souben despois que o propietario do negocio era Camilo da Portela, antigo alumno do mestre e compañeiro meu.

O tal Camilo estivera na emigración na Suiza e de volta montara aquel café, asesorado polo profesor. Sempre que este viña á cidade era unha visita obrigada.

Eu coñecía ben a puntualidade de don Breogán. Cheguei pois uns minutos antes da hora convida, pero xa o mestre se adiantara.

O establecemento tiña un aspecto agradable, limpo e acolledor. No medio do longo mostrador unha belida peza dos oleiros de Buño constituía o emblemático testemuño do nome do establecemento.

Nunha esquina do local sentados mestre e alumno. Saudei a Camilo e expreseille o meu total descoñecemento da súa iniciativa comercial ó mesmo tempo que lle desexei moitos éxitos. Senteime con eles.

Tomamos cadanseu café con leite. Camilo ofreceu unhas copas; invitación que rexeitamos os dous. Comezou unha lembranza de acontecementos comúns daquela escoliña parroquial. Camilo posuía no seu casete cerebral dúas gravacións indelebles: unha, aquela excursión escolar e familiar, alumnos e pais, a San Andrés de Teixido; os bonecos de miga, a herba de namorar das nenas, a andaina polos montes da Capelada ata o impoñente cabo Ortegal. A segunda, o seu papel de actor principal naquela obriña de teatro argallada na mesma escola.

-Vostede –dixo rindo Camilo- debeu botarse a tremer cando eu lle pedín representar aquel papel... eu, que non era quen de aprender dúas liñas de memoria... Aínda hoxe non entendo como fun capaz de memorizala toda.

-Non o creas –respondeu o mestre– ben sabía que a forza de vontade vence calquera atranco. E aquilo serviu para esixirte despois moito máis...

-Ben que me acordo...

Comezaba a chega-la clientela. Camilo pediu desculpas e ergueuse para axuda-lo camareiro.

-¡Vaite, vaite! O que ten tenda quere que a atenda.

Nós seguimos debullando outros anacos da nosa convivencia naquela escoliña de San Xiao de Montiñas.

-Don Breogán, ¿as escolas seguirán na parroquia?

-Si, si, xa rematou a loita. A inspección de educación quería leva-los nenos e nenas das dúas escolas para a concentración de Silvoso. Diante da actitude da compañeira, dos pais e mesmo unha axudiña da alcaldía non lle quedou máis remedio que vir ó rego.

Intentei coñece-las razóns daquela lideira do mestre polas escolas unitarias. Durante dúas longas horas o mestre expuxo as vantaxes e contras

das escolas unitarias ben dotadas como a del e dos inconvenientes e beneficios que lle atopaba ás agrupacións, case sempre masivas. Souben que Don Breogán seguía cos mesmos azos de sempre malia que os devezos das novas xeracións trocaran os intereses, por mor dunha nova sociedade egocéntrica. Contra as lacras do egoísmo e do consumo a educación non ten as forzas precisas para afastalas.

Aquela mañá de setembro, vinte anos despois, o sol volvera saír por enriba do Penedo de Pexade, pero don Breogán non estaría no rueiro á espera dos seus alumnos. Era a primeira vez, en dúas décadas que faltaba a súa cita anual. A aquela hora ningún veciño tería aínda novas da súa ausencia.

Eu, alumno de don Breogán ó longo dos tres cursos na escola parroquial e catro de xenerosa axuda nos temas do instituto e sempre admirador da súa obra souben axiña da infausta nova. No xornal do día aparecía a noticia do accidente que privaba, para sempre, da súa voz e do seu maxisterio ós nenos de San Xiao de Montiñas.

Aínda non acabara de le-lo periódico cando Camilo, con voz entrecortada e doída, confirmoume a noticia.

No arquivo do meu bufete pescudei a foto do mestre e de meus pais. Botei unha ollada ós andeis cheos de libros de leis, pechei os ollos e cun nó abafante na gorxa tiven unha agarimosa lembranza para aqueles que fixeran posible aquel bufete. Recordei moitas vivencias da xuventude ó seu carón, e mentres a "moviola" proxectaba secuencias pasadas, musitei unha oración que el me ensinara e polo meu maxín volveu pasar a lección das andoriñas.

Tamén a don Breogán, na súa viaxe cara as raíces do seu maxisterio, engaiolarao unha potente luz, claridade eterna, e sorprendeuno o seu pasamento nos degoiros de volver a súa escoliña de San Xiao de Montiñas.

¡Anduriña de outono, que Deus acolla o teu voo!

MÁGOA DUNHA SEREA

Premio no Primeiro Certame de relato curto
convocado pola Asociación Cultural "Xiabre"
de Cordeiro, Valga.

Na lembranza de meu primo Ramón Ferreiro Folgar, home bo e xeneroso a quen os malditos ideais levárono ó cárcere da Illa de San Simón (1937-1945)

Aquela noite de primavera a vila de Canteleta atopábase mergullada nun orballo pegañoso, maino, silandeiro. Os focos do alumeado público, impotentes para rachar aquela poalla acuosa, semellaban agoniantes vagalumes pendurados no valado urbano. Tabernas e bares, orfos de seareiros, botaran a tranca ó negocio. A ringleira de coches, dúas patas na beirarrúa, outras dúas na rúa parecían espidos cans metálicos mexando na estrada.

Cando o valado, romo coitelo de ferro, da campá parroquial esgaza o corpo mol da noite coas doce sonoras badaladas o poboado vilego trocábase nun xigante fantasma deitado sobre enlamado berce.

Na intimidade dos fogares veciñais, sabas de rutina, mantas de esquecemento adormecen ós amos. O teimudo barullo municipal encol dunha pedra só era conversa axeitada no intre das "chiquitas" nalgunhas tabernas ou para cinco mozolos de COU, capitaneados polo Ramiro, fillo dun concelleiro metido de cheo na "movida". Xestión banal na que algúns tentaban esnaquiza-la inocente rocha, convertida en estatua. Os máis, alleos á historia local aproveitaban a noite para un apracible descanso.

Ó abeiro dun vello paraugas, esquecida pertenza no fallo da pousadeira, Telmo, compañeiro da clase de Ramiro, rapaz lizgairo e pousado, percorre as húmidas e desertas rúas da vila. O seu paseo ten como obxectivo coñecer en profundidade a historia da pedra, da estatua, teima veciñal naquelas datas.

Telmo sabía, dun xeito inconexo, feitos e problemas encol daquela rocha traballada, anos atrás, por outro Telmo canteiro, seu avó.

Nas noites de invernía, a carón da vella lareira, contárallos o seu devanceiro. Non obstante, naquelas conversas houbera silencios significativos. "*Cale, meu pai; auga pasada non moe muíño*". O avó Telmo levara no seu cadaleito situacións, eventos e conversas arredor da rocha ignoradas polo neto.

No casco vello da vila de Canteleta, ó remate dunha curta e estreita

rúa, abríase un espacio harmonioso configurando unha acolledora praciña. Ata aquel curruncho aínda non chegara a picaña dos especuladores: Nos laterais, casiñas dun e dous pisos; polo norte, a casa do concello cerraba o espacio. No medio da praza un pequeno estanque protexía e realzaba unha fermosa estatua.

Telmo cerrou o paraugas e contemplou a serena beleza do conxunto. Granito e orballo xunguíanse nunha aperta entrañable.

Paseniño, paseniño, Telmo foise achegando a carón do monumento. Dun brinco subiu ó perpiaño do estanque, meteu a man na auga e batuxou con ela a estatua. Con tenro agarimo os dedos do estudiante aloumiñaron, unha e outra vez, a pulida e húmida superficie.

A friaxe da pedra trocouse, de vagariño, nunha indescritible placidez no rapaz. Logo unhas lenes convulsións do granito desacougaron o espírito de Telmo. Sobrepúxose axiña e volveu a acaricia-las belidas formas ciceladas por seu avó.

O estudiante, aceso de ancestral personalidade, incapaz de conter tanta emoción, murmurou moi quedo: "*Eu son o neto do artista creador da túa beleza. Hai na vila un pailán alboroto sobre a túa futura existencia. Eu desexo coñece-la túa verdadeira historia, pois meu avó deixoume, encol de ti, moitas dúbidas.*"

De súpeto arremuiñáronse as augas e nos oídos de Telmo resoou, coma nun eco distante, a voz pedregosa da estatua:

"Gracias, Telmo, polos teus aloumiños. Só ti e teu avó me soubestes mimar. Na túa inquedanza por coñece-los meus avatares albisco unha esperanza para a miña futura permanencia. Poucos veciños son sabedores da miña petrografía. Algúns trabucan adrede a miña presencia nesta praza; outros, arránxana segundo os propios intereses ou ideais.

Como ti ben sabes as miñas raíces atópanse no Outeiro Vello do curuto de Pedras Albas. Naquel montaraz fogar nacín, filla de Granito Branco e de Fina Ortosa.

No meu entorno a paraxe semellaba un cadro bucólico. O sol, no seu amencer, percorría purísimos vieiros azuis. Carrizos, pardais e paporrubios comezaban unha nova xeira con novos voos e melodiosos rechouchíos. Na barronca do Feal o regueiro debullaba ronseis de prata xunguidos á eterna canción da fervenza. Moi preto, na faldra agarimosa do monte, unha brisa lene engaiolaba ás agullas dos piñeiros.

Aló, no fondo, o val, ateigado de luz, exhibía tódalas posibles escadas do verde: verde claro nas camposas e herbais; verde botella nos ameneiros, perennes gardas do vagar do regato; verde escuro nos piñeirais... Entre viñas e maceiras, cómaros e leiras, os casais da parroquia xogando ás agachadiñas.

E neste cadro, Telmo, teu avó, raparigo espelido, dez anos na súa estreada axenda vital, amo e señor de tres vacas, oito ovellas e Petís o leal canciño amigo. Tódalas mañás subía coa súa facenda ata o noso fogar, e canso da costa sentaba no noso colo. Axiña a súa frauta, buracos de inmaculados degoiros, espallaba ó vento maino notas de tenrura".

Un profundo salouco crebou a palabra e Telmo esperou impaciente a que a rocha continuase a súa esperada e interesante parola:

"Agora comeza a verdadeira historia:

Na fraga do tempo caeran murchas as follas do almanaque. Xeadas e calores puxeran a proba a nosa rexa constitución. O Telmo ía para mozolo. A Xuvenca, esgotada de tirar polo arado, cansa do cotián palpado para arrincarlle un grolo de leite, rematou inflada de auga nun descoñecido matadoiro. Tampouco volveron as ovellas, requisadas (orde superior) para ¡sabe Deus qué mantenzas!.

Homes malvados, escravos das ideas, esnaquizaron a paz do val e do monte. Moitos días do verán, entre o lusco e fusco, escoitamos bisbar de conversas entrecortadas e fuxitivas alancadas.

-Ó Pepiño déronlle rícino na casa de xuntas...

-¡Son uns cabróns!... Ese é un inocente...

-Para impoñe-lo medo sérvelles todo.

Logo, esvaecían as pisadas monte adiante e o silencio medroso volvía de novo a enche-la paisaxe montesía. A modiño o manto mouro da noite acocha estes medos e ós homes.

Noutros amenceres uns homes escaravellan na cova que ventos e choivas seculares abriran nos nosos leitos. Tiven leda compaña e calor humano algún tempo. Nesas noites souben dos irracionais comportamentos dos racionais.

-Temos que fuxir... Esta é unha rateira.

-¿A onde ir?... ¿Quen nos vai dar acollida?...

-No concello de Valgrande teño unha sobriña casada... Penso que podo confiar nela.

-Xa... pero o risco está en chegar alá.

-Haberá que expoñe-lo pelexo... Aquí cáchannos calquera día.

-Antonte liquidaron a Xosé da Lagarteira. Apareceu con dous tiros na caluga na barronca do Tripeiro... cada día teño máis medo.

-E agora uns chulos de beiramar fan pasadas pola estrada nun citroën negro. Os maricóns obrigan a ergue-lo brazo a todocristo. O venres cruzáronse con Telmo que ía para a herba. O pobre foi levanta-lo brazo da man na que levaba o fouciño...

-¡Boa a fixo!

-¡E tanto! Baixaron como hienas e, sen darlle tempo a zafarse, a patadas e hostións subírono ó coche. Apareceu na mañá do domingo sen folgos, mazado, ¡feito unha merda!

¡Ai meu rapaz! Cando oín o nome de Telmo matinei en teu avó. Lembrei o seu sorriso trocado, agora, en bágoas de carraxe.

Podería segui-lo relato doutras moitas conversas daqueles homes, pero estás a mollarte"...

-¡Segue, por favor, segue! –pregoou inquedo o estudiante.

"Unha noite de outono un sol morno secaba a choiva da noite. Piaban os paxaros na procura da pitanza e os coellos saíran do tobo ... De súpeto, pola banda da barronca, un estoupido seco seguido de dous máis resoou na montaña. Calaron os paxaros; carreiras e saltos dos coellos na fuxida. Nas nosas carnes sentimos unhas fortes alancadas.

-¡Corre, Manuel, que nos pillan!

-¡Xa non podo máis!... ¡Batéronme!

-Corre, ¡coño! Antes morto ca deixarte coller.

Naquel intre sentín encima unha pisada nerviosa. Sobre da miña pel caeron unhas pingas espesas, mornas e un estraño sentimento percorreu todo o meu volume e convulsionoume un forte arrepío...

Logo, pisadas rexas e duras oprimíronme. Unha voz ronca, de xenreira aumentou o meu tremor.

-Un deles vai ferido... ¡Olla o sangue nesta pedra!

-Hai que collelos antes de que se metan na fraga. Eses fillos de puta coñecen tódolos currunchos.

Pasei moitas horas angustiada na espera doutras alancadas. Só chegaba ata min a monótona cantiga da infatigable fervenza do regato e o chiar inocente dos paxaros nos amenceres.

Remataran os sobresaltos e as aflicciónns. Aló, no fondo do val, estouraban foguetes e repenicaban as campás. Nas rúas da vila había moito rebumbio. Atopábame de novo leda e feliz.

O tío vivo da terra, na súa elíptica andaina, completara unhas tres viaxes. Mozas e mulleres xa peiteaban longos cabelos nas denantes rapadas cabezas. Na fraga e nas camposas espreguizábase a primavera...

Unha mañá, moi cediño, chegaron á miña beira uns homes.

-¿En verdad cree que esta piedra es ideal para la estatua?

-Estou ben seguro. Coñézoa moi ben.

Alporizáronse as miñas febras de feldespato.Aquela voz galega era a inconfundible voz de Telmo. Concentreime na sorprendente conversa.

Usted verá. Necesitamos que sea de buen grano.

-Non se preocupe, vostede.

-Bien, pues manos a la obra.

-E, ¿pódese sabe-lo que teño que tallar?

-Estamos a la espera de ordenes superiores-falou un terceiro-. Usted de momento saque el bloque y trasládelo al taller. Allí recibirá las instrucciones concretas.

-Vou intentar baixala na semana que vén.

-Para esas fechas tendrá Vde. los planos definitivos.

Mentres escoitaba esta conversa unha friaxe medorenta percorreu as miñas entrañas. Tantas raiolas, tantas xeadas, tanta ledicia, ¿onde rematarían?... Se tivese bágoas alí ó meu carón agromaría un regueiro; si tivese voz, da miña gorxa sairía un berro arrepiante... Nada diso posuía, en troques, a mica do meu corpo tornouse moura.

Toda aquela noite non tiven acougo. Meu avó, Penedo Preto, tencionou animarme.

-Non teñas medo... O Telmo desexa para ti o mellor. Saes do anonimato para ser famosa e entrar na historia.

-Meu avó, estou inqueda. Teño moito medo dos comportamentos dos homes. Lembro moitas das súas verbas dos días das persecucións.

-Tranquila, ti es dura coma toda a nosa raza. Has saber da-la talla na xusta medida.

Estas palabras tranquilizaron o meu espírito. Agora esperaba impaciente a volta do amigo Telmo...

Albeaba un novo día polo oriente. Nos casais das aldeas o reloxo do galo madrugador, amo e señor do harén, pregoaba a súa autoridade e as horas mentres os primeiros novelos de fume espallábanse no aire frío da mañá. A natureza espreguizábase de vagar.

Á miña beira volveu Telmo cunha cuadrilla de compañeiros.

-Aquí a tedes... ¿É fina ou non é fina?

-Si señor, gústame ben... ¿Como sabías ti dela?

-Foi a miña compañeira dos anos de picariño. No seu regazo debullei fantasías que axiña se esnaquizaron.

Unha man áspera e calosa percorreu o meu lombo.

-Penso que vai ser boa de traballar. ¡Tan bo gran! –dixo satisfeito da impresión táctil.

Telmo, coas súas mans rexas, aloumiñoume; apalpoume con fondura a tódolos xeitos. Logo sobre a miña pel sinalou catro cruces e deume unhas ledas palmadiñas de satisfacción.

-Non tremas, rocha amiga, aínda non sei a quen encarnarás pero, sexa quen sexa, ti has ser a miña obra mestra.

-Mestre –dixo un obreiro- ¿Como pode terlle tanto cariño a unha pedra?

-Benquerido Bieito esta non é unha pedra calquera. Foi ela a miña confidente amiga da nenez.

-Ben que se lle nota a súa predilección.

-Temos que esmerarnos... Con moito tino, sen magoala, sen esnaquizala hai que mete-los barrenos neses sinais.

Os afiados picos comezaron a perfora-la miña apertada constitución. Nos primeiros momentos unha forte doenza trastornoume; despois, o granito e o feldespato perderon o senso... non souben máis. Non lembro canto durou a miña amnesia.

Espertei enriba dunhas madeiras. Non sentía as caricias do vento nin do sol. Non escoitaba os cantareiros trinos dos paxaros nin o troulear do muíño. En troques abouxábanme os ruídos das máquinas mesturados cos compasados repiques das ferramentas dos canteiros ó bater noutras compañeiras.

Dous mozolos acompañaban a súa tarefa asubiando a dúo unha leda cantiga. Atopeime a gusto naquel taller.

-¿Quen vai labrar esta pedra, Bieito?

-¿Quen che parece? É cousa do señor Telmo. ¡Non lla deixa a ninguén!

- É un encargo de moito "postín". Seica van erguela na praza principal da vila de Canteleta.

-E, ¿Que significado vai ter?

-Iso aínda non o sabe o señor Telmo.

No alpendre traballaban a reo os canteiros mentres eu espreguizábame tranquila sobre os paus. Souben máis cousas dos homes. O señor Andrés protestaba no intre da mantenza: "con esta potiña de caldo de verzas e patacas, ¡ter que pagar o consumo! ¡Que coño de prato único...!

Xaquín faltara dous días ó choio porque seu irmán morrera no fronte. Tiña un cabreo ben gordo. "Díxome o alcalde: podes estar orgulloso, teu irmán foi un heroe". ¡Que carallo de heroe se o levaron á forza!

Un serán chegaron, outra volta, os homes autoritarios, estranxeiros. Achegáronse ó meu carón guiados por Telmo.

-Aquí está, disposta a deixarse facer.

-Bien, en este sobre tiene usted el boceto de la estatua con todas sus medidas y proporciones. Examínelas y si tiene alguna duda nos escribe a la dirección que figura en el sobre.

-Penso que non ha facer falta... E, ¿cando ten que se-la data da entrega?

-A mediados de julio deberá estar colocada frente a la casa consistorial de Canteleta para su posterior inauguración. Pero antes ya tendrá noticias nuestras. Esperamos ponga el mayor esmero. Las futuras generaciones la contemplarán como el símbolo de una época histórica inolvidable.

Días despois sentín sobre da miña pel o vaivén dunha vasoira. Logo unhas lenes liñas tan lenes que estremecín coas cóxegas. De seguido as notas sinxelas da frauta de Telmo deixáronse oír. Invadiume a saudade e un sorriso agromou nas miñas moléculas matinando se o Telmo me quería encantar...

-Rapaz, tráeme o punteiro fino.

Telmo comezaba o seu tenro traballo. Día tras día chegaba á miña beira, unhas palmeadas de satisfacción era o seu cotián saúdo. Con

suavidade ía sacando as moléculas sobrantes mentres, polo baixo cantaruxaba unha canción da mocidade.

Aquel maimiño labor semellaba unha delicada operación de veterano esteticien. Funme transformando na materia e no espírito; latexaba en min unha vida nova, endexamais soñada... Estaba inqueda por coñece-la nova feitura da miña masa informe... ¿Sería cabaleiro sen cabalo?... ¿Sería, quizais moderno Moisés, liberador de sabe Deus que escravitude? Telmo, como artista era capaz de todo.

Segundo ía collendo forma, polas conversas de Telmo cos obreiros unha teima obsesiva apoderábase de min. Ía converterme nun símbolo, nun ser argalleiro...

A creación do artista rematou ós tres meses. De axustadas proporcións e fermosas curvas, aquí me tes representando unha galana e preciosa serea... ¡Que contrasentido!... Nacida nun monte afastado do mar, teu avó trocoume no símbolo mitolóxico dos océanos.

E sentinme satisfeita pois era unha obra de arte, pero axiña viñeron os engadidos dos políticos...

E... benquerido Telmiño, esta é en resume a miña historia".

O estudiante abraiado polo relato, insensible ás adversas condicións climatolóxicas, seguía fundido ó latexar da estatua.

- Segue, segue... Desexo coñece-la túa experiencia ó longo de tantos anos nesta praza.

Con voz canseira a pedra seguiu debullando:

- Non penses que sempre foi tranquila... Houbo de todo... Será mellor deixalo para outra noite; chuvisca e ti estás coma un pingo.

- Estou ben; segue, por favor, interésame moito, segue.

- Do acubillado alpendre trouxéronme para esta fermosa praza e aquí me atopo erguida sobre este penedo. Na data fixada, nun serán de festa nacional Telmo deixoume asentada e despediume cunha agarimosa palmeada... Matinei chegada a hora do meu descanso... Non foi así. Pouco despois, uns principiantes de canteiros, uns chambóns, furaron o meu peito. Sentín a friaxe dunha chapa metálica, duns pinchos ou

arpóns. Outra contradicción máis ¡unha serea, amor platónico de ilusionados mariñeiros, cazada con fereza!

No día seguinte foguetes, música, bandeiras, "cara al sol" e moitos discursos. Cando rematou tanta foliada, cando enmudeceu tanto bla,bla,bla, escoitei as loanzas das parteiras da miña creación.

- ¡Está tan feituca coma a de Copenhague!

-Só lle falta o mar para que teña vida.

Non tiven tempo de gabarme. Escoitei outras opinións discordantes coas primeiras. Non por mal feita, senón porque non estaba na súa liña de pensamento.

-¡Que coño é isto!... Nin muller nin peixe.

-Non sexas analfabeto; é unha serea moi lograda, por certo.

-¡O que nos faltaba... véñennos agora con contos de serea! Unha idea dos cabróns de beiramar.

-¡E, ¿onde viven estes bichos?- preguntou un terceiro.

-¡En ningures! Amais está morta. Cravároнlle as frechas no peito.

A admiración duns e a repulsa doutros pasou axiña. Ós poucos días xa ninguén se acordaba de min, indiferencia absoluta.

Dende este pedestal sego a traxectoria noxenta de moitos homes. "Promesas de amor eterno, murchas e desfeitas no transcurso dunhas noites contadas". "Discusións políticas na boca de cobizosos personaxes dispostos a troca-las súas ideas polos beneficios da práctica subxectiva da mesma". "Queixas encol do tempo cando non atopan tema".

Con certa vergonza hei de confesarche, Telmiño, que o meu maxín de muller peixe non chegou a descifrar moitas conversas dos seareiros do concello: "Isto da plusvalía é un choio para as arcas do municipio"... "Paga-lo recibo de ocupación de vía e agora ¡cinco mil pesetas de multa! por aparcamento indebido". "Temos que chegar a un pacto para unha moción de censura e mandar ó carallo a eses chupóns"... Cada día entendo menos a conducta dos homes.

Como serea sempre degoiraba unha fontenla ó meu carón. Un alcalde, romántico e ecolóxico mandou construír este estanquiño. ¡Moito llo agradecín! Polo día a frescura da auga aloumiña o meu corpo e, nas noites de lúa, cando os veciños de Canteleta repoñen forzas baixo silandeira e mergúllome na raquítica piscina.

Como ves, nada me falta, pero hai unha tempada a xente comeza

de novo a tolear. Os cambios socias, económicos e políticos están a troca-lo comportamento dos homes.

Noutrora, os nenos da vila cos seus barquiños de papel soñaban, no meu estanque a seren intrépidos capitáns nunha fantástica singradura; hoxe en día, os picariños enchen a miña auga cos papeis das lambetadas; falta de urbanidade que case lles agradezo pois agochan as malditas xiringas dunha xuventude enganchada.

Naquelas tranquilas noites de verán os rapaces entoaban cantigas belidas á miña beira; agora dedícanse a berrar porcalladas baixo o influxo dos "cubatas". Esgotáronse os románticos nas mans dos pragmáticos e drogadictos. Das cantigas do rosario da aurora nos amenceres de maio pasei a outras lerias megafónicas: "vota... vota... vota...".

Da indiferencia, dos esquecementos dos gobernados, cansos das loitas badocas entre o poder e a oposición, pasei a un primeiro plano. Se ben é certo que os veciños, en xeral, pasan do conto, non faltan algúns curiosos que seguen a loarme e outros que non deixan de insultarme.

Segundo algunhas conversas hai enfrontados dous bandos: uns matinan mobiliza-los mozos da Piollosa e Beiramonte cos seus caraveis e follas de carballo; outros pensan meter en danza á xuventude de Beiramar coas súas bandeiras, arpóns, "prietas as filas". A posibilidade deste enfrontamento desacouga o meu espírito pois son vellas teimas de tristes recordos.

Onte mesmo, as verbas de dous veciños engadiron a este meu desacougo unha nova e inquietante mágoa. Un deles explicaba:

-Segundo me confesou un dos concelleiros a mellor maneira de remata-lo preito sería troca-la serea nunha balea.

-¡Esa non me parece solución axeitada...

-Poida que teña un chisco de razón. Por unha banda ás sereas aniquilounas o pragmatismo dos homes; pola outra as baleas precisan protección. Amais as dúas especies teñen algo en común; as dúas son mamíferos e as dúas comparten un mesmo entorno.

-Ou sexa, os dous símbolos tamén serven para os partidos político: todos son "mamíferos" (de chupar) e todos son bos "peixes".

-Para esta solución ten ben pouco que facer o artista: tirarlle o rabo e pórlle máis barriga.

A posibilidade desta aberrante solución trastorna a miña alma. ¡Prefiro mil veces que me esnaquicen antes de transformarme noutra cativa figura!... Dígoche Telmiño que nestes intres xa non me importa o meu fin. Sinto medo polo home cos seus símbolos e as súas xenreiras... Matino arreo na anguria vivida aquela mañá de outono aló no Outeiro Vello... Arrepíame pensar que volvan aqueles tempos; que outras pingas e espesas caian ou se derramen polo chan".

Tremeu a antiga rocha de Pedras Albas, endureceuse e ficou muda. Unhas lenes palmeadas de Telmo tentando esperta-la pedra non fixeron efecto; fuxira a voz do granito.

O estudiante acariciou unha e outra vez a superficie mollada. Con delicadeza os seus beizos pousáronse na estatua e con voz entrecortada pola emoción murmurou

"Ti, rocha nobre do Outeiro Vello, legado artístico de meu avó a esta comunidade, eu tamén che digo hoxe: Non teñas medo; ti seguirás a se-la obra de arte daquel artista. O simbolismo que outros che engadiron eu mesmo me encargarei de eliminalo. Nin serás balea, nin sairás desta peaña".

Seguía chuviscando... Telmo coma un autómata desandaba as rúas, camiño da pousada. Non sentía a humidade das súas roupas empapadas; no fondo do peito acochábase unha friaxe espiritual.

Entrou silandeiro na pousada onde o agardaba a patroa, intrigada pola tardanza do rapaz. Sen unha febra enxoita da súa roupa, coa faciana lívida semellaba un feble supervivente dun naufraxio.

-¡Vouche preparar un baño quente! Estás a piques de pillar unha boa pulmonía; saca axiña esa roupa e pon unhas zapatillas.

A auga quente, unhas friccións de alcohol e unha boa cunca de café con leite deixárono novo. Non foi capaz de concilia-lo sono. Atopábase incapacitado para ordena-las ideas. A lectura mecánica de dúas ou tres páxinas do primeiro libro que atopou levouno ó informe país de Pero Chosco.

Mentres percorría o camiño do instituto o seu caletre non albiscaba ningunha solución ó problema da estatua.

Na primeira clase estivo ausente. Pensou falar co Ramiro... ¿Qué proposicións válidas podería presentarlle a un tío tan exaltado?... Razóns históricas sabía que as refutaría, das afectivas ía moquearse.

Unha das moitas ideas xurdidas foi tomando corpo: ter unha conversa con don Matías. Era un home honesto, serio, desenganado das trivialidades políticas... sí, era a persoa axeitada para pedirlle consello.

Atopouno á saída dunha clase.

- Cando queiras, rapaz. Hoxe mesmo... ¿venche ben ás sete na miña casa?

Ás sete en punto Telmo golpeaba ó chamador do portalón da casa solar de don Matías. A longa conversa, case, case paterno filial, tivo por testemuñas ós retratos dos devanceiros do mestre, pendurados no amplo salón.

Telmo contou, polo miúdo, tódolos seus desacougos e a confesión da serea. Mostrou o seu desexo de defende-la obra de seu avó. Segundo transcorría a narración os ollos do profesor tornábanse nun aceno pícaro. Ó remate os beizos do mestre amosaban un sorriso de satisfacción.

-Telo doado de arranxar, rapaz. Eu non vivín aqueles tempos, non obstante sei de pe a pa as pequenas historias deste meu pobo. E mira ti por onde a miña información vaiche da-la chave da axeitada solución.

Has saber que o avó do tal Ramiro er a un dos xerifaltes daqueles tempos. Seino de certo porque tamén con meu pai tivo un barullo cativo. Non o podo afirmar, pero o tal personaxe ben podería ser un dos inventores da serea pois gustáballe moito o azul.

Eu hei indagar pola miña conta. Mentres ti debes remexe-los documentos de teu avó nos que se cadra atopas algunha testemuña importante.

Telmo saíu da casa de don Matías relaxado e esperanzado en salva-la permanencia da obra sobranceira do seu avó.

Dous días despois da entrevista co mestre, Telmo e Ramiro encontráronse nos vestiarios do ximnasio.

-Ramiro, en canto poidas desexo falar contigo.

-Cando queiras; se che parece, agora mesmo...

-Non, aquí non. É asunto de moita confidencia. ¿Pode ser hoxe despois da última clase?

-¿Onde che parece? Porque eu o rolo do Matías non o aturo.

-¿Venche ó xeito ás sete, na cafetería Luada?

-Ben, ás sete ¿dis?... Estarei alí.

A esa hora estaban os dous na barra da cafetería. Telmo invitouno a conversar no reservado do establecemento.

-¡Coño!, nunca te vin tan lanzado... ¡De que vai o rolo, tío!

-O rolo vai encol da serea da praza do Concello...

-¡Home, ti o estudiante exemplar...! Nunca pensei que che roubasen horas de estudio as cuestións políticas... ¿Que che pasa con esa pedra? Pois ti nin veciño es de Canteleta.

-Para min moito.

-¿...? ¿Logo?

-¿É certo o ruxe ruxe da movida que intentades facer cos mozos de Piollosa e Beiramonte?

-¡Machiño!, este é un pobo de castrados; ninguén quere dala cara. Para esnaquizar esa merda de estatua non queda outro remedio.

-¿Preguntácheste os motivos da indiferencia dos veciños?... Non vou entrar en disquisicións políticas da vosa teima...

-¡Mira, mira!, ¡corta o rolo, chato! Aínda que non es de Beiramar xa me decato onde che pica.

-Paréceme que en ningures. ¿Sabes ti quen labrou esa pedra?

-Non, nin me importa.

-A mi si que me importa... ¡foi meu avó!

-¡Moi ben!, ¿e que?... sería un deles.

-Xa que falas así, escóitame ben... ¿sabes ti quen lle mandou ou quen lle obrigou facela?

-Xa che dixen que non me importa.

-Si que che importa, Ramiro. Ti es unha póla dunha árbore e a túa

obriga é coñece-lo tronco para non caer en renuncio. Quen mandou face-la serea do Concello foi, precisamente, teu avó materno, Xurxo das Cernadas, naquelas datas xefe de non sei que...

-¡Non me fodas!, Telmo. ¡Non me veñas con andrómenas!

-Mal que che pese non son contos; aínda quedan vellos que o testemuñan.

-¡Para o carro, tío! Esas palabriñas hai que demostralas ou tragalas.

-Estou disposto a demostralo; teño probas escritas e se non tiveses información na casa, non estaría por demais que consultases os arquivos do Concello.

A seguridade das repousadas verbas do Telmo desarmaron a valentía ideolóxica de Ramiro.

-Vou sabelo axiña -engadiu descomposto Ramiro-. Se non fose certo xa podedes largarvos ti e mailo carca do Matías...

-Estou no certo- atallou Telmo- e ten en conta que don Matías non ten nada que ver neste asunto.

-Bueno, bueno... Mañá, ás tres da tarde quero verte aquí.

-De acordo, e traerei documentos.

Non pasara unha semana da conversa dos estudiantes. No serán do venres celebrábase un pleno da Corporación do Concello de Canteleta.

Na véspera, os concelleiros do goberno municipal tiveran unha xuntanza para acadar argumentos contundentes co fin de evitar o movemento de masas da oposición. A xuntanza fora densa e tódolos razoamentos moi discutidos. Non se autorizaría ningunha manifestación. Saíron convencidos de gaña-la contenda e frea-la teima dos exaltados.

Aínda que a cuestión da estatua non figuraba na orde do día sabían que a oposición, en "rogos e preguntas", utilizaría a artillería pesada para impoñe-la súa razón.

Chegada a hora do pleno, os puntos da convocatoria foron aprobados cunha desconcertante conformidade. O alcalde desconfiaba daquela mansedume e matinaba no ataque no derradeiro apartado. Escudriñaba as facianas de tódolos contrincantes, pero non notaba ningún aceno de nerviosismo. ¿Que estarían tramando?

A tan esperada polémica non xurdiu.

Poder e oposición despedíronse amablemente. Os do goberno antes de encamiñarse ó café para celebra-la súa victoria acercáronse á estatua para renderlle unha merecida homenaxe á supremacía das súas ideas.

-¡Coño! -berrou o alcalde ollando o pé da estatua- ¡Que gol nos meteron!

Arremuiñáronse todos arredor da estatua. Centraron as olladas na dirección que sinalaba o furabolos do rexedor municipal. Ninguén articulou unha palabra. Rachou o silencio a voz do alcalde coa lectura da nova placa que alguén trocara pola outra

"Esta estatua foi feita polo canteiro
TELMO MAGAÑAS R., para honra de CANTELETA".

Na penumbra dun recanto da praza do concello dous mozos ollaban a escena. Cando alcalde e comparsa comezaban o desfile aqueles dous espectadores fundíronse nunha fraternal aperta.

O TREN

I CERTAME LITERARIO
"Brétema de Lembranzas"

AJUNTAMENT Sta Coloma de Gramanet . Barcelona.
Radio Gramanet Abril de 1987

A meu avó, Ramón Caldas
na lembranza daquel primeiro xoguete.

Estebo non ten présa. Camiña de vagariño pola rúa. Os letreiros de neón chíscanlle os ollos ó luscofusco agonizante na corredoira urbana. Os escaparates comerciais ciscan feixes de luz sobre das beira rúas. Dunha tenda saen harmoniosos sons dunhas panxoliñas, afogadas de súpeto, polo ruído dos coches rúa arriba, rúa abaixo.

Estebo está ausente naquel rebumbio do excitado formigueiro humano... Van, uns; veñen outros; entran, saen, cruzan a rúa, acenan de tódolos xeitos. Estebo matina decote nos seus problemas, problemas ben alleos a ese barullo cidadán.

No seu voluntario deambulo olla as amplas e confortables instalacións dunha axencia de viaxes. Elegantes mozas de louros cabelos ben peiteados, frustradas azafatas de máis altos voos, atenden os escasos viaxeiros. Belidos cachiños de paisaxes estranxeiras, apreixadas polas cámaras de verdadeiros artistas, penduran das paredes. Aquela fermosa paisaxe coa neve no cumio dos montes fai estremecer a Estebo.

"Non se pode perde-lo tren de Europa"- dixeran os xornais vai para un ano... Non perdera Estebo o tren de Europa, non. Á Suíza fora, que Europa é... Catro anos traballando arreo na emigración... e, ¿que? Co billete de volta, cativa equipaxe e saúde mancada.

¡O tren de Europa!, ¿para quen?... Para uns pobres peóns que deixan xuventude, forzas e arelas dun troco económico nos cativos traballos refugados polos aborixes... ¿ben pagados?... Habería que medilo moito... O cambio da moeda, factor positivo, non paga as privacións e miserias do emigrante.

Sente Estebo nos seus ósos as xeadas apañadas na construcción con temperaturas baixo cero; na súa alma, as aldraxes dos nativos, o xordo cancro da soidade... "Porca miseria" que dicía aquel italiano, compañeiro de barracón nos Alpes suízos. Poida que aqueles montes do

cadro da axencia sexan os mesmos nos que el traballou.

Tamén o seu fillo Manolo collera o tren de Europa camiño da Holanda. Aló está nunha granxa, preto de Haarlem, a producir a cotío leite, queixo e manteiga a esgalla.

Mentres, na aldea de Barusela, parroquia de Xirimbao, Mercedes, muller do Manolo, nora de Estebo, arranxa cinco vacas seleccionadas, ¡quen sabe se da mesma raza! Cinco vacas, cinco, que, segundo os técnicos políticos europeos, dan leite de máis e débese reduci-lo quiñón.

Nunha loita económica, campos verdes, vacas pintas, home e muller, Manolo e Mercedes, están en bandos contrarios. Unha contenda desigual da que xa se coñece de antemán o gañador. Leite de máis, queixos sen denominación de orixe, sen homologación; manteiga artesá, sa e natural, pero non comerciable e cuxos. Cada ano catro ou cinco cuxos coma catro ou cinco rosas. ¿Que facemos con eles?... Catro perras nos mercados de Silleda ou Salgueiriños.

E Estebo, esmorecido e descolorido retrato daquel Estebo da Besada, mozo baril e forte alí onde os houbera, incansable loitador, para ben ou para mal, nos problemas da súa parroquia; agora escangallado, metido no paro sen prestacións.

Na casa, a súa compañeira, a súa dona María, costureira na súa mocidade; agora labrega por obriga, guedellas brancas, faciana engurrada, vella prematura. Coa súa doenza dos cadrís, mal que ben, vai atendendo os labores da casa. E por último, Pepiño, meniño benquerido, olliños da súa cara, o seu neto.

"Carafio Estebo, andas atondado. Nin ollas a cor vermella dos semáforos. Gracias ós reflexos do chofer senón ías dar malvas preto da igrexa de Xirimbao. ¡Esperta Estebo, esperta dunha vez!"

A bucina, os laios dos freos e a fría chapa do capó devolven a Estebo á realidade. Decátase onde e por que se atopa naquela rúa da cidade do Apóstolo.

Axiña se repón do susto e olla agora os escaparates con moito empeño: *"Non podo esquece-los reis do Pepiño"*.

Detense diante dunha libraría. Nunha lixeira ollada encol dunha manchea de libros pousa a vista nun exemplar de tapas belidas e rechamantes: "Contos Universais". *"O mesmo título é un conto"* -pensa

Estebo-.*"Soamente os contos argalleiros de políticos de Galicia encherían unha biblioteca das mellores"*.

Sigue a ollar e atopa un título que lle gusta: *Contos da Terra*. Desconfía que sexan contos pasados pola censura e no desexo de confirmalo entra na tenda.

-¡Boas tardes! ¿Fai o favor de ensinarme aquel libriño titulado *Contos da Terra?*

-Sen favor, para iso estamos.

A dependenta pon, lixeira, o libro nas mans de Estebo. Mírao e follea algunhas pasaxes.

-Escoita rapaza: ¿ti saberías dicirme quen é este autor?

-Si señor. Este Manuel García Barros era un mestre labrego do concello de A Estrada... Aínda lle podo engadir algo máis, nos tempos de Franco foi separado da escola por razóns políticas.

-Rapaza, ¡envólveme este libro!

Uns pasiños máis adiante unha rechamante cristaleira pregoa toda caste de xoguetes. Nela entra decidido Estebo. Os andeis repletos amosan, nunha case perfecta desorde, as rechamantes cores de tódolos brinquedos imaxinables: coches, bonecas, mecanos, astronautas, berces de palitroques...

Un tren de máquina antiga, vagóns do século XX, década dos anos trinta, bateulle nos ollos. No maxín de Estebo xorden e trabúcanse os recordos: rexemento de Infantería nº 15, interminable viaxe ata Cáceres, xenio cabrón dun sarxento de culler..

-¿Quere que llo poña a camiñar?... ¡É moi belido!

A voz lene e cantareira da mociña, toda amabilidade, sacouno do seu arroubo.

-Non, non, gracias... E que ese demo de tren tróuxome moitas lembranzas.

-Pois se o ve camiñar aínda mellor; non faltaría máis.

A rapariga amósalle tódalas manobras do xoguete. Nos beizos do extasiado Estebo agroman sorrisos de nostalxia dunha mocidade case mergullada no regueiro do tempo. Ganado pola delicadeza da mociña, Estebo comeza unha parola leda, agarimosa, de confianza:

-Mira, meniña, este tren é moi fermoso, pero non deixa de ser antigo... Eu quero un tren para o meu neto Pepiño.

-¡Xa!... vostede quere un tren moderno.

-Iso mesmo, porque hoxe os rapaces saben moito destes achifánfanos. Prefiren liñas máis aerodinámicas.

-Ten vostede toda a razón. Pero tamén os temos modernos... Veña, veña comigo.

-¿Ese é galego?

A dependenta entreviu a intención da pregunta e sorrindo negou coa cabeza.

-Non señor non, ese para os galegos, só de xoguete... Coma sempre.

Baixa a rapaza unha locomotora francesa Diessel cuns belidos vagóns de viaxeiros, coche cama e restaurante; longo, moi longo.

-Carafio, este é moito máis sofisticado que o noso Talgo. Este, este; este é o tren que eu quero para o meu neto. Póñamo na súa caixiña envolto en papel de agasallo... ¡Son os reis do rapaz!

Mentres a moza fai o paquete Estebo pensa, agarimoso, na ledicia do neto. O que menos importa é o seu prezo .

Cos dous paquetes sae ledo á rúa na que o tráfico de persoas e vehículos sigue "in crescendo". *Tamén el precisa unha gorra, pero esta mercancía haina na súa aldea e os veciños tamén pagan contribución, e son amigos.*

Xa satisfeito por ter cumpridas as súas obrigas de avó e rei, matina, agora, afastarse daquel remuíño urbano e mata-lo tempo e o

esfameado estómago nunha taberna.

De súpeto sente no ombreiro unha palmada agarimosa. Xan do Outeiro, compañeiro de mozas e ruadas, pao rexo e valente no intre de desface-las festas, atópase ó seu carón... Hai moitas esmorgas que lembrar, moitas novas que contarse.

Aquel serán Estebo vén espera-lo fillo. Ten a chegada a Labacolla ás dúas da mañá. O Manolo pensara pasa-las festas do Nadal na compaña dos seus. Faría a viaxe en tren, pero as folgas dos ferroviarios franceses puxeron atrancos ó tren de Europa. Non lle quedara outro remedio que retarda-la data e colle-lo avión para chegar no ano vello.

Durante a conversa, Xan e Estebo, encamiñáronse deica o "Chatolas", taberna da que, sábados e domingos, o Xan era seareiro. Diante dunha tapa de polbo e unhas cuncas de tinto parolaron ledos.

-Mesmo teño ganas de ir un ano á festa da Candeloria de Estacas - dixo Xan.

-¿Queres lembra-la desfeita do ano 42? -contestou sorrindo Estebo.

-Aquela data non se me esquece. Rematei canso de mallar nos chulos de Vilafreáns... Ti tamén deixaches esmorecidos a uns cuantos sobre de todos ó fillo de Miraño.

-De mellor gana lle zurraría a seu pai por cacique e polas moitas que leva feito.

-Ti sempre lle tiveches xenreira ós caciques... Aqueles tempos xa son historia. Hoxe, gracias a Deus, a xente compórtase doutro xeito máis civilizado, máis educado e os caciques van desaparecendo.

-Non, Xan, non... Modos máis educados, si, máis hai moita hipocrisía, moita xenreira encuberta e amólante polo fino. Os caciques pertencen a outra xeración; viven na capital para estaren máis preto dos políticos, pero por aquilo da confrontación electoral cada pouco izan como as silvas.

Xan olla o reloxo de pulso.

-Estebo, temos que irnos. Na miña casa céase cedo. Ti ves comigo cear á nosa casa.

-Agradézocho de verdade, pero dende aquí eu xa me vou para o aeroporto, espera-lo fillo.

-Nin pensalo; se a miña Sara, co ben que che quere, sabe que estiven contigo e non te levei ó seu carón, bótame da casa. Xa haberá quen te leve a Labacolla.

-Ben o sei... pero outro día de máis vagar terei mellor ocasión. Dáslle moitos recordos meus e descúlpame...

"¿Que coño ías facer, Estebo, ata as dúas da mañá?... Dar voltas coma unha nora polo aeroporto albiscando as chegadas e saídas dos avións; ollando facianas tristes, agardadas apertas humedecidas con silandeiras bágoas, esgotadas brincadeiras de amormados picariños na espera de seus pais... Fixeches ben en acepta-la invitación do amigo Xan".

Naquela acolledora casa todo fora agasallos. Un segundo piso non moi grande, pero suficiente e moi ben arranxado para os tres: matrimonio e fillo. Este, mozo ben colocado..

¡Carafio coa colocación...! Case que corenta mil pesos ó mes... Ademais fixo en plantilla, para a vida, e traballo doado... Máis risco e traballo e moito menos soldo supoñía andar colgado nos paos de FINESA, verán e inverno, aló polas aldeas adiante... Agora a cuberto e con aire acondicionado.

Traballar nas modernas instalacións de RATIVEGASA, ¡vaia choio! Vixiar controis e circuítos automáticos, ¡manda truco co traballo!

"¡Ben merecido tiña o "padriño" os dous quilos que lle houbera que desviar á súa conta... Agora entendo eu por que vendera tódalas árbores: piñeiros e castiñeiros, da tomada do Agro do Monte... E o pillabán do Xan veña a dicir: "hai que vendelos antes de que os queimen, xa que despois non valen un can. ¡Fixo ben!

"Se o meu fillo atopase un posto así, aínda que fose pola metade, eu, Estebo da Besada, estaría disposto a unha doazón dos mesmos dous quilos de marras a calquera. Cunha leira menos tamén nos habiamos de arranxar xa que nin hai quen as traballe".

"E Manolo vai facendo moita falta na casa. Mercedes, moza honesta, sente polas noites inquedanzas na súa alma, desacougos nas súas carnes. As sabas da súa cama están fartas de soidades, xeadas ausencias..."

"Pepiño vai precisando da autoridade, da man rexa e agarimosa de seu pai... ¡Que se queden os holandeses coas robotizadas vacas e cos seus floríns!"

"Estebo, non matines agora nestas cousas; atente á conversa dos teus amigos anfitrións".

-Xa vexo, xa, que a calefacción traballa ben. De sempre foi a calor unha media mantenza -comenta Estebo.

-Ti tés que pórlle tamén á túa María a calefacción na casa -dixo Sara. Tedes carballos a esgalla e hai unhas cociñas ou caldeiras alemanas que traballan a leña. ¡Son moi boas!

-Non penses que a calefacción nunha casa de labranza é unha boa cousa. Hai que saír moitas veces a fora para arranxa-los animais e os cambios de temperatura non lle favorecerían moito á miña María- contestou Estebo.

-Todo sería acendela pola noite e xa non tedes ese risco. E nestas noites de inverno meterse nunha camiña quente mesmo semella revivir.

-Escoitade -dixo Xan- están a falar dos novos impostos de Facenda.

Atenderon, pois, as novas que debullaba a televisión colocada nun curruncho da cociña nun moble moi belido. Non obstante aquelas novas non entraban no mundo do Estebo. De novo volveu ós seus pensamentos.

"Eu non teño agarradeiras nin amizades que me poñan en contacto con eses padriños. A miña teima sempre foi a loita en contra dos caciques dende a mesma escola. Non sei se pola miña natureza ou, quizais, polas ensinanzas daquel bo mestre que dende moi novo me fixo

ve-la realidade da nosa terra".

"Ben saben tódolos veciños as miñas ideas e as miñas intervencións nos mitins dos pregoeiros políticos... nestas últimas eleccións ben puideches estar calado, Estebo, pero cando me enchen non me cabe o pan no corpo e revento... Eran moitas as falacias para aturalas... Estes politiquillos pensan que os labregos somos analfabetos, uns pobres coelliños que nunca saímos do tobo. Aquel día non tiveron por onde atallarme... De Europa sabía eu dabondo...".

"¿Que gañaches Estebo coas túas teorías?... Nestes intres, eses mesmos que ti refugaches son os que mandan, gobernan e por riba, enchufan....".

"Non caviles máis nin te rompa-la cabeza. Hoxe por hoxe non cabe o troco de floríns vacúns por pesetas da nosa autonómica Xunta".

As palabras de Sara remataron co monólogo interno do convidado.

-Estebo, por enriba da cea tomades un cafeciño acabado de facer.

-Non che digo que non -admitiu Estebo- pois esta noite vouna pasar en vela, e verdade é que tamén me gusta.

-Vas probar unha caña que me trouxo un amigo -falou Xan-. É de aquí da bisbarra da Ulla, mellor que calquera coñá de marca.

-¡Esa é outra!... Un bo producto artesán sen aditivos nin mesturas químicas vai desaparecer por orde da inefable comunidade europea... Isto non hai quen o entenda- rematou Estebo.

-Eu penso que serán lerias -opinou Xan-. Non será doado impedirlle ós nosos paisanos a súa fabricación.

-Como sexan ordes de Bruselas -dixo Estebo con sorna- non terán outro remedio. Son capaces de mandarlle os inspectores de Facenda para que lle furen as alquitaras...

A sobremesa é agarimosa e leda. Non hai présa. Bieito, fillo do matrimonio, sae do traballo á media noite... Xan empeñouse en que o había levar ó aeroporto.

No segundo café fálase das ledicias e mágoas dos veciños da parroquia e do Concello, dos problemas dos labregos, das últimas anadas e de lembranzas comúns.

Sobre da silente camposa a friaxe da noite esparexe unha foula de cristalina xeada. A lúa, plátano marelo pendurado da infinita bananeira do ceo, ateiga ó val dunha feble claridade marela.

Casais e piñeiros nas abas do monte, herbeiras e chousas preto do regueiro aparecen salpicadas de petadas brancas e verdes. A paisaxe trócase nun inmenso fantasma acochado nunha manta de estraños debuxos.

Aló, ó lonxe, os cans, esmorecidos de frío, esgazan cos seus ladros o nocturno silencio. A cabalo dun vento lene pregoan a súa falla de liberdade, a súa irremediable mágoa de seren cans de palleiro, sen *pedigree.*

Na cociña da casa de Estebo aquela noite hai calor física e humana. Sobre da lareira os rachóns de carballo aportan xenerosos a súa acumulada enerxía nas efémeras e caprichosas labaradas. Na cociña de gas ferve o líquido nunha pota e un arrecendo compracente a café abrangue toda a habitación.

Mercedes, lixeira, amontoa a louza no vertedoiro e senta a carón do seu homiño.

Manolo fala a treu. Quere dicir no menos tempo posible as vivencias de todo un ano de ausencia. Corre máis o seu pensamento que a lingua e unha fervenza de verbas gurgulla nos seus beizos.

Mercedes, corazón acugulado de degoiros, pasións contidas nunha interminable espera, olla sen pestanexar, arroubada, ó seu Manolo e bebe os vocábulos amontoados nos labios do seu amor. Un sorriso de felicidade interna recolle as bágoas que manseliñas esvaran polas súas meixelas.

Pepiño, erguido de présa cando chegou o coche alugado en Santiago, xoga a carón da lareira cun belido mecano holandés. O seu Perochosco fica acochado entre as mantas da cama.

Manolo precisa tomar folgos, necesita ordena-las ideas para non trabuca-la orde e mentres olla-la súa Mercedes.

Hai un silencio íntimo na conversa desfeito polo tintineo das culleres nas taziñas do café, mesturado co ruidiño agudizado do xoguete.

-Eu non sei o porqué, pero a min sábeme moito mellor o café

desta casa có da Holanda - dixo Manolo.

-Non é a ti só. O mesmo me pasou a min -respondeu Estebo sorrindo.

-Pódeche ser da auga - afirmou inocente María -. Eu penso que non hai auga mellor no mundo que esta nosa.

-Tamén hoxe a min soubome mellor ca nunca - murmurou Mercedes mentres se cruzaban as olladas do matrimonio.

Pepiño deixou o mecano e achegouse a seu avó.

-Papá Estebo, e ti dixéchesme unha cousa... unha cousa... ¿acórdaste?... ¡Seica te esqueciches...!

-Non meu neto, non - atallou Estebo. Sobre da artesa tes alí un paquetiño.

Nun santiamén o neno colleu o paquete, sacoulle o papel e leu o título:

-*Contiños da terra*. ¡Débeche ser ben belido!

-Volta a ler iso, rapaz -atallou imperativo o avó.

-*Contiños da terra*; iso di na tapa... Máis abaixo pon Eme García Barros.

-Ben, ben, está ben... Cando o merquei eu lin: *Contos da terra*... ¡Cada día fállame máis a vista!

Pepiño sentou na cadeira e comezou a súa lectura folleando os títulos:

-¡"Xaquín o Pintureiro"!... ¡Un de lobos!... ¡Papá, papá! mira, mira ¡"Roque Peneco"!

-Pepiño -explicou o avó- é un libro de contos da nosa terra... Haiche máis contos reais que se están a facer e algún día ti halos coñecer.

-Neno, deixa agora o libro... Dálle un bico a teu pai e sube para a camiña -pregoulle a nai.

-Un momento -falou Estebo- escoitando a teu pai Manolo xa non me lembraba... Cando estaba no aeroporto chegaron nun avión os reis magos... Achegueime a saudalos e déronme un agasallo para ti... ¡Son os teus reis!... O paquete está xunto da máquina de coser. ¡Vai por el!

Ergueuse lixeiro e colleu o paquete. Nervioso non acerta a desface-

lo nó e pide axuda a seu pai...

Axiña unha locomotora arrastra polo chan da cociña unha ringleira de vagóns que manobran a tódolos xeitos.

O rapaz olla apampado ó tren e a seu avó. Non sabe nin quere conte-la súa ledicia. Reparte bicos a eito e remata no colo de seu avó. Unha longa aperta e un cento de beixos expresan a súa gratitude infantil.

-Pepiño, ese tren é un símbolo do meu desexo para ti e para tódolos nenos galegos... Dentro duns anos farás unha longa viaxe neste tren ata Vigo e Ferrol onde atoparás modernos estaleiros traballando a reo...

-¡Se Deus o oíra...! -musitou Manolo.

-Subirás deica a Terra Chá ateigada de ganderías productoras de derivados lácteos da mellor calidade - continuou Estebo coa face demudada-. Baixarás ás incomparables rías dotadas coa máis alta tecnoloxía en viveiros e cultivos mariños... Ha ser un tren galego que vos levará a ti e a teus pais por unha Galicia agrícola, gandeira, forestal e industrial na que terán pan e emprego tódolos fillos desta terra... Percorrerá unha GALICIA culta, próspera e leda...

-Tamén has vir ti e mamá María...

-Non Pepiño, nese tren xa non haberá billetes nin para min nin para túa avoa.

PUBLICACIÓNS

A Pinguela
Teatro Escolar

1.- PELEXA NO SOUTO
Olimpio Arca Caldas

2.- SALA DE ESPERA
Xosé Vázquez Pintor

3.- DIÁLOGO ENTRE UN PEREGRINO QUE SE DIRIGE A COMPOSTELA Y UN LABRIEGO
Avelina Valladares Núñez
Versión teatral de Xosé Lueiro Lemos

4.- O ENTROIDO EN PERRUSCALLOS
Avelino Pousa Antelo

5.- CARTA DA HABANA
Manuel García Barros
Introducción, estudio da obra e edición de Carlos Loureiro Rodríguez

6.- OS REIS DO PANCHIÑO
Olimpio Arca Caldas

7.- OLLO COS ESTUDANTES
Manuel Bergueiro López
Prólogo, análise, edición e unidade didáctica de Xosé Luna Sanmartín

8.- CLAVE ROSA
Fernando González Graña
Prólogo David Otero

9.- O MILAGRE DE BAÍÑAS
Xesús Pisón

Orballo

1.- O DIARIO DE DANIEL
Fernando González Graña
2ª Edición

A Fontenla

1.- O PRIMEIRO PARTIDO DE FÚTBOL
Fernando Iglesias *"Tacholas"* - Mar García

As Nosas Fontes
biografías

1.- MANUEL GARCÍA BARROS
Xoan Carlos Garrido Couceiro

2.- ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
Martín Veiga Alonso

3.- CHANO PIÑEIRO
Francisco Rozados, "Rochi"

Fóra de colección

1.- AS COMETAS DA VIDA (narrativa)
Xosé Luna Sanmartín

2.- O ANO DAS MIMOSAS (narrativa)
Xosé Luna Sanmartín

3.- MEMORIA DE TRASDOMONTE (narrativa)
Francisco Rozados, "Rochi"

4.- A ESTRADA. Xente e Paisaxe (ensaio)
Román Rodríguez González

5.- O TREN (narrativa)
Olimpio Arca Caldas

O Cartafol de Vilancosta
collectione

1.- PARA ISO ESTÁ O FUTURO
David Otero

Unha das manifestacións máis fermosas
da nosa Terra é a Fervenza

EDICIÓNS
FERVENZA

ISBN 84-933317-1-6

EDICIÓNS
FERVENZA